DE-03-P1

Informe de revisión do sistema pola dirección

Informe de resultados anuais do centro curso 2015/2016

REDACCIÓN	VALIDACIÓN	APROBACIÓN
Vicedecanato de calidade FFT	Comisión de Garantía de Calidade	Xunta de Facultade
	15/12/2016	19/12/2016

Universidade Vigo

Área de Apoio á Docencia e Calidade
Edificio CACTI
Campus Universitario
36310 Vigo
España
Tel. 986 813 897
Fax 986 813 818
calidade.uvigo.es

Unidade de Estudos e Programas
Edificio CACTI
Campus Universitario
36310 Vigo
España
Tel. 986 818689
Fax 986 812060

Informe de revisión do sistema pola dirección (DE-03-P1)
Informe de resultados anual do centro

Data da reunión: 15/12/2016
Data de aprobación na Xunta de Facultade: 19/12/2016

Índice

I. ASPECTOS INTRODUTORIOS 2

I.1.Presentación/Obxecto do informe 2

I.2. Informe inicial 4

II. DATOS E ANÁLISE DOS RESULTADOS 6

II.1 Resultados acadados 6

II.1.1 Rexistro de resultados do Centro, que atinxe a todas as titulacións 6

II.1.2 Resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais 14

II.1.3 Indicadores por materia 17

II.1.4. Datos relativos ás QSP recibidas 21

II.1.5. Estado de situación dos rexistros de calidade do sistema 21

II.1.6. Resultados (de certificación, seguimento, acreditación…) 23

III. ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORA PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES) 24

IV. CONCLUSIÓNS E ACORDOS 24

V. ANEXOS 27

I. ASPECTOS INTRODUTORIOS

I.1.Presentación/Obxecto do informe

O «Informe de revisión do sistema pola dirección» é un rexistro anual de calidade inserido no procedemento de revisión pola dirección (DE-03-P1). Trátase dun rexistro clave nos programas de calidade, fundamentalmente en Acreditación das Titulacións e Certificación do SIGC. Substitúe ao «Informe de Resultados Anuais do Centro» (IT01-PM01). O obxecto do informe é recoller información sobre: cambios organizativos que poden afectar ó funcionamento en materia de calidade; estado da documentación de calidade; seguimento das revisións anteriores; revisión da política e obxectivos de calidade; análise dos indicadores de resultados de aprendizaxe, satisfacción e empregabilidade; análise dos resultados de avaliacións e auditorías internas e externas; valoración do estado de QSP (queixas, suxestións e parabéns) por parte dos grupos de interese; estado das accións correctivas e preventivas, se corresponde; e, finalmente, análise do seguimento e control da estratexia xeral do centro (Plan estratéxico), de ser o caso.

→*Cfr. a listaxe de participantes da reunión no Anexo 1.*

Estado da situación xeral do sistema de garantía e da xestión de calidade

O Sistema de Garantía Interna de Calidade ten como obxectivo xestionar de forma sistemática e estruturada a calidade dos centros e títulos cunha orientación cara á mellora continua.

Con data do 7 de outubro de 2014, a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galiza (ACSUG) certificou que o Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución está implantado conforme ás directrices establecidas no Programa FIDES-AUDIT. O certificado ten validez ata o 7 de outubro de 2020.

Con posterioridade ao proceso de certificación (3/11/2014), dende a Área de Calidade efectuouse unha renovación do *Manual de calidade* no que quedou fixada unha nova codificación, redacción e estrutura, así como unha simplificación de contidos.

O día 29 de marzo de 2016 en sesión ordinaria da Comisión de Calidade do Centro aprobouse unha revisión dos procedementos académicos e unha actualización do procedemento DO0101 Deseño, autorización e verificación dos títulos oficiais quedando constituídos do seguinte xeito:

- ✓ Accesos e admisión
- ✓ Matrícula

- ✓ Expedición de títulos oficiais
- ✓ Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais

O 28 de outubro de 2016 foi aprobado o documento de «Política e obxectivos de calidade do centro», no que se renovan algunhas liñas de actuación xerais do centro mantendo as principais que xa se apuntaban no manual referido anteriormente e con metas establecidas cara o curso 2016/2017. Como se indica no documento de «Política e obxectivos de calidade do centro» as seguintes liñas xerais constitúen a política de calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución:

- Manter unha oferta formativa axustada ás demandas, ás necesidades e ás expectativas da sociedade, para consolidar altos niveis de calidade nas súas titulacións, sen renunciar aos fundamentos académicos da Universidade baseados no desenvolvemento do coñecemento, do espírito crítico e da capacidade de análise e reflexión. Acadar a satisfacción por parte de ambos grupos.

-Alcanzar a consecución das metas de calidade establecidas anualmente polo centro e asociadas a indicadores académicos.

- Facilitar a xestión dos procedementos de calidade e a formación continua en materia de calidade do persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos e do alumnado.

- Asegurar a implantación, desenvolvemento e seguimento tanto do sistema de garantía interna de calidade (SGIC) como de tódolos procesos vinculados coa calidade que afectan ó centro e ás súas titulacións.

- Asegurar unha docencia, investigación, xestión e transferencia de coñecemento con perspectiva de xénero para eliminar os obstáculos que impiden unha igualdade real.

- Asegurar unha docencia, investigación, xestión e transferencia de coñecemento que teña en conta a diversidade funcional para eliminar os obstáculos que impiden unha igualdade real ás persoas con necesidades especiais.

- Acadar un compromiso permanente de mellora continua como norma de conduta, e propoñer e levar a cabo as accións necesarias para o mantemento e mellora da calidade.

→*Cfr. o documento de Política e obxectivos de calidade 2016/2017 no Anexo 2.*

I.2. Informe inicial

Cambios organizativos que poden afectar o funcionamento do centro/titulacións /servizos no que atinxe á calidade

Con data do 24 de novembro de 2015 fora elexido como Decano da Facultade de Filoloxía e Tradución D. Luis Alonso Bacigalupe, que formou un novo equipo decanal no que se integraron D.ª Mª del Carmen Cabeza Pereiro, D. Jorge Figueroa Dorrego como vicedecano de Relacións Exteriores (Incoming), D.ª Maribel del Pozo Triviño como vicedecana de Relacións Exteriores (Outcoming), D.ª Inmaculada Anaya Revuelta como vicedecana de Organización Académica e D.ª Susana Rodríguez Barcia como vicedecana de Calidade.

No mes de xuño do 2016 houbo un cambio no equipo decanal: D.ª Beatriz Mª Rodríguez Rodríguez foi nomeada vicedecana de Calidade polo permiso de maternidade de D.ª Susana Rodríguez Barcia dende o 13 de xuño ata o 6 de decembro.

Houbo tamén cambios na dirección do Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemán por cese da directora (D.ª Elena Celsa Seoane Posse) e da secretaria (D.ª Rosalía Rodríguez Vázquez). Dende outubro o director do departamento en funcións é D. Eduardo Varela Bravo e o secretario D. Carlos Valcárcel.

Os cambios no vicedecanato de Calidade e na dirección do Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemán implicaron os conseguintes cambios na composición da Comisión de Calidade do centro.

As Comisións Delegadas da FFT (Comisión Permanente, Comisión de Relacións Exteriores, Comisión de Extensión Universitaria, Comisión de Normalización e Dinamización Lingüística, Comisión de Validacións, Comisión de Laboratorios Docentes e Aulas Informáticas) renováronse en marzo e actualmente algunhas delas están nun proceso de renovación parcial que culminará en decembro. A composición das comisións pode consultarse na páxina web da FFT: http://fft.webs.uvigo.es/organos-de-goberno/

No curso 2015/2016 o profesor José Montero Reguera foi nomeado coordinador para as persoas con necesidades especiais o que está a facilitar en gran medida a integración deste alumnado. En concreto, abordou con éxito aspectos referidos á accesibilidade, integración e mediación do alumnado con diversidade funcional física e intelectual. A profesora Mª del Carmen Cabeza continuo o curso 2015/2016 como enlace de igualdade.

Cambios na oferta formativa/ou de servizos

No ano académico 2015/2016 impartíronse os cursos 3º e 4º do Grao en Estudos de Galego e Español o cal se encontra en proceso de extinción. Durante o ano académico 2016/2017 impártese unicamente o 4º curso, co que culminará a extinción deste título.

Por outra parte, o grao que vén substituír ó título en extinción, o Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, implantou no ano académico 2015/2016 o 2º curso, e no ano académico 2016/2017 o 3º, curso onde comeza o desenvolvemento dos módulos previstos na memoria correspondente, dispoñible para a consulta pública a través da pestana de «Calidade» na páxina web da Facultade de Filoloxía e Tradución: http://fft.webs.uvigo.es/memorias-de-verificacion/

II. DATOS E ANÁLISE DOS RESULTADOS

II.1 Resultados acadados

II.1.1 Rexistro de resultados do Centro, que atinxe a todas as titulacións

Panel de indicadores do SGIC		Meta de calidade asociada (obxectivo de calidade)	Resultado Curso 15-16
I01-MC	Certificación da implantación dos sistemas de calidade	manter a certificación	A certificación obtida polo centro está en vigor ata 2020
I05-MC	Grao satisfacción PAS	-	3,53 (sobre 5)
I06-MC	Grao satisfacción empregadores	-	(dispoñible só a nivel de universidade)
I07-DO	Alumnado que participa en programas de mobilidade nacionais	-	4
I08-DO	Alumnado que participa en programas de mobilidade internacionais	-	108
I09-DO	Alumnado estranxeiro	-	190
I015-PE	Porcentaxe de PAS en formación	-	83,19 %
I016-PE	Profesorado en programas de formación	-	41
	Seguimento das titulacións	100 %	100 %
	Acreditación das titulacións	100 %	100 %

Os resultados obtidos no curso 2015/2016 melloran os datos do curso anterior e superan as metas establecidas. Os obxectivos e metas do curso 2016/2017 esperan superar estes resultados aínda máis. O indicador de satisfacción dos PAS é positivo e o número de PAS que participan en programas de formación é moi elevado. O mesmo acontece co importante número de alumnado que participa en programas de mobilidade, algo que é especialmente relevante nesta facultade. A porcentaxe de profesorado en programas de formación debería aumentar, aínda que tamén é verdade que a carga docente e as responsabilidades docentes son cada vez maiores o que implica pouco tempo para asistir a actividades formativas. Tamén, melloran os

números de matrículas das diferentes titulacións e mantense a certificación de calidade do centro, ademais, obtivéronse informes positivos de acreditación no proceso levado a cabo pola ACSUG nas titulacións avaliadas: Grao en Linguas Estranxeiras, Grao en Tradución e Interpretación e Mestrado en Tradución Multimedia.

Resultados por titulación

A continuación preséntanse os datos por titulacións.

Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios

Taxas/Curso Académico	2015/2016
	Total
Taxa de rendemento	69 %
Taxa de eficiencia	Sen datos, o título se implantou no curso 2014/2015
Taxa de abandono	Sen datos, o título se implantou no curso 2014/2015
Taxa de graduación	Sen datos, o título se implantou no curso 2014/2015
Taxa de éxito	85 %
Taxa de avaliación	81 %
Nota media de acceso	6,9
Nota mínima de acceso	5,020
Ocupación	54 %
Preferencia	54 %
Adecuación	85,19 %
Matrícula de novo ingreso por preinscrición	27
Alumnado que participa en programas de mobilidade nacionais	0
Alumnado que participa en programas de mobilidade internacionais	0
Alumnado estranxeiro	190 (datos dispoñibles só por centro)
Profesorado en programas de formación	1
Sexenios por PDI	34
Profesorado por categoría	• Titular: 17 • Contratado/a Doutor/a: 3 • Catedrático/a escola: 1 • Visitante: 1 • Lector/a idioma extranxeiro:1 • Contratado/a predoutoral Xunta: 3

Grao en Estudos de Galego e Español

Taxas/Curso Académico	2015/2016
	Total
Taxa de rendemento	79 %
Taxa de eficiencia	93 %
Taxa de abandono	0,20 %
Taxa de graduación	48,15 %
Taxa de éxito	95 %
Taxa de avaliación	83 %
Nota media de acceso	Sen datos
Nota mínima de acceso	Sen datos
Ocupación	Sen datos
Preferencia	Sen datos
Adecuación	Sen datos
Matrícula de novo ingreso por preinscrición	0
Alumnado que participa en programas de mobilidade nacionais	-
Alumnado que participa en programas de mobilidade internacionais	-
Alumnado estranxeiro	190 (datos dispoñibles só por centro)
Profesorado en programas de formación	3
Sexenios por PDI	48
Profesorado por categoría	• Catedrático/a Universidade: 2 • Titular: 22 • Contratado/a doutor/a: 2 • Catedrático/a escola: 2 • Contrat predoutoral UVigo: 2 • Contratado/a FPU: 1

Grao en Linguas Estranxeiras

Taxas/Curso Académico	2015/2016
	Total
Taxa de rendemento	85 %
Taxa de eficiencia	87 %
Taxa de abandono	16,33 %
Taxa de graduación	77,50 %
Taxa de éxito	92 %
Taxa de avaliación	92 %
Nota media de acceso	8,36
Nota mínima de acceso	6,92
Ocupación	110 %
Preferencia	124 %
Adecuación	87,27 %
Matrícula de novo ingreso por preinscrición	55
Alumnado que participa en programas de mobilidade nacionais	0
Alumnado que participa en programas de mobilidade internacionais	25
Alumnado estranxeiro	190 (datos dispoñibles só por centro)
Profesorado en programas de formación	10
Sexenios por PDI	43
Profesorado por categoría	• Titular de escola univ: 2 • Catedrático/a univ: 1 • Asociado/a: 2 • Titular univ: 20 • Contratado/a doutor/a: 5 • Visitante: 2 • Lector/a idioma estranxeiro: 4 • Contratado/a FPI: 2 • Contrat predoutoral UVIGO: 1 • Contrat predoutoral Xunta: 2 • Investigador Ramón e Cajal: 1 • Contratado/a FPU: 2 • Postdoutoral Xunta modalidade A: 1

Grao en Tradución e Interpretación

Taxas/Curso Académico	2015/2016
	Total
Taxa de rendemento	80 %
Taxa de eficiencia	94 %
Taxa de abandono	10,32 %
Taxa de graduación	54,20 %
Taxa de éxito	91 %
Taxa de avaliación	89 %
Nota media de acceso	7,35
Nota mínima de acceso	5,00
Ocupación	100 %
Preferencia	141,67 %
Adecuación	71,67 %
Matrícula de novo ingreso por preinscrición	120
Alumnado que participa en programas de mobilidade nacionais	4
Alumnado que participa en programas de mobilidade internacionais	81
Alumnado estranxeiro	190 (datos dispoñibles solo por centro)
Profesorado en programas de formación	14
Sexenios por PDI	86
Profesorado por categoría	• Non aplicable: 5 • Titular escola univ: 4 • Catedrático/a univ: 2 • Asociado/a: 11 • Titular Univ: 23 • Axudante: 1 • Contratado/a doutor/a: 14 • Catedrático/a escola univ: 1 • Visitante: 2 • Lector/a idioma estranxeiro: 4 • Contratado/a FPI: 1 • Contrato predoutoral UVIGO: 2 • Contrato predoutoral Xunta: 2 • Contratado/a: FPU: 1

Mestrado en Tradución Multimedia

Taxas/Curso Académico	2015/2016
	Total
Taxa de rendemento	78 %
Taxa de eficiencia	98 %
Taxa de abandono	0 %
Taxa de graduación	73,33 %
Taxa de éxito	98 %
Taxa de avaliación	80 %
Nota media de acceso	7,94
Nota mínima de acceso	6,529
Ocupación	77,78 %
Matrícula de novo ingreso por preinscrición	21
Alumnado que participa en programas de mobilidade nacionais	0
Alumnado que participa en programas de mobilidade internacionais	2
Alumnado estranxeiro	190 (datos dispoñibles só por centro)
Profesorado en programas de formación	1
Sexenios por PDI	9
Profesorado por categoría	• Titular: 5 • Contratado/a doutor/a: 2

Mestrado en Tradución para a Comunicación Internacional

Taxas/Curso Académico	2015/2016
	Total
Taxa de rendemento	83 %
Taxa de eficiencia	96 %
Taxa de abandono	0%
Taxa de graduación	73,53 %
Taxa de éxito	100 %
Taxa de avaliación	83 %
Nota media de acceso	7,13
Nota mínima de acceso	6,00
Ocupación	92,86 %
Matrícula de novo ingreso por preinscrición	28
Alumnado que participa en programas de mobilidade nacionais	0
Alumnado que participa en programas de mobilidade internacionais	0
Alumnado estranxeiro	190 (datos dispoñibles só por centro)
Profesorado en programas de formación	4
Sexenios por PDI	14
Profesorado por categoría	• Non aplicable: 8 • Catedrático/a: 1 • Asociado/a: 3 • Titular: 7 • Contratado/a doutor/a: 4 • Axudante doutor/a: 1

En tódolos graos as taxas de rendemento, eficiencia do curso 2015-2016 son positivas, xa que en case tódolos casos superan o 80%. As taxas de éxito superan o 85%. Tendo en conta os datos das enquisas da satisfacción das titulacións que se recollen nas páxinas seguintes non son moi positivos, cabe reflexionar sobre o feito de que a taxa de éxito no caso do Mestrado en Tradución para a Comunicación Internacional sexa do 100% e a taxa de abandono do 0%. A explicación pode estar na singularidade dos estudos de mestrado nos que, xeralmente, e tamén debido ao alto nivel de especialización do estudantado matriculado, o abandono é mínimo e o número de aprobados é moi elevado, aínda que a percepción do alumnado ao remate dos estudos pode ser a de non ter acadado as metas fixadas nas súas expectativas iniciais. A taxa de rendemento máis baixa é a do Grao en Ciencias da Linguaxe (69 %). Aínda que o dato non é tan positivo como nas outras titulacións si que implica unha mellora se a comparamos coa taxa do curso anterior (2014/2015),xa que era do 67,69 %. Así e todo, as taxas de abandono son baixas (case inexistentes), agás no GLE (16,33 %) e no GTI (10,32 %), aínda que estas taxas son bastante normais tendo en conta a posible casuística que pode levar ó alumnado a abandonar o grao. O mesmo se pode aplicar ás taxas de graduación que rozan o 50 % nalgúns graos pero que deberían ser maiores. Os datos de matrícula melloran en relación co curso anterior. O dato de matrícula é moi importante no Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, xa que está en proceso de implantación. A nota media de acceso do estudantado do Grao en Linguas Estranxeiras é alta e a do Grao en Tradución e Interpretación Inglés-Español segue a ser unha das máis altas da comunidade.

RESULTADOS DA AVALIACIÓN DOCENTE DE CADA TITULACIÓN

II.1.2 Resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais

Datos dispoñibles en: http://calidade.uvigo.es/calidade_gl/alumnado/encuestas_alumnado/

	Titulacións do centro	Resultados de participación	Satisfacción xeral curso 2015/2016	Ítems/epígrafes mellor valorados	Ítems/epígrafes `peor valorados
Alumnado	V01G160V01 Grao en Estudos de Galego e Español (GEGE)	17 %	3,05	4,14	2,29
	V01G180V01 Grao en Linguas Estranxeiras (GLE)	33 %	2,89	3,65	1,87
	V01G230V01 Grao en Tradución e Interpretación (GTI)	35 %	2,46	3,30	1,71
	V01M079V01 Mestrado en Tradución e Multimedia (GTM)	53 %	3,85	4,19	3,30
	V01M128V01 Mestrado en Tradución para a Comunicación Internacional (MTCI)	19 %	2,56	3,33	1,50
	V01M130V01 Mestrado en Teatro e Artes Escénicas (TAE)	8 %	2,56	5,00	1,00
Profesorado	Enquisa bienal- Non dispoñible ata 2016/2017				
Persoas tituladas	V01G160V01 Grao en Estudos de Galego e Español (GEGE)	31 %	3,85	5,00	2,50
	V01G180V01 Grao en Linguas Estranxeiras (GLE)	31 %	3,00	3,90	1,00
	V01G230V01 Grao en Tradución e Interpretación (GTI)	45 %	2,65	3,42	2,15
	V01M079V01 Mestrado en Tradución e Multimedia (GTM)	21 %	3,93	4,50	3,40
	V01M128V01				

	Mestrado en Tradución para a Comunicación Internacional (MTCI) V01M130V01 Mestrado en Teatro e Artes Escénicas (TAE)	21 % 36 %	2,88 3,36	4,00 4,00	0,00 2,75
PAS	Grao: Mestrado:	21, 43 %	3,69 3,37	3,80 3,75	2,80 2,90

Agás no Grao en Ciencias da Linguaxe e no Mestrado en Tradución Multimedia, as taxas de satisfacción do alumnado son demasiado baixas, sobre todo no grao de Tradución e Interpretación e no Mestrado de Tradución para a Comunicación Internacional. No caso do grao, este feito pode ser debido á baixa participación nas enquisas en varias titulacións (aínda que no caso do Grao en Tradución e Interpretación o índice é un dos máis altos) ou á falta de motivación académica relacionada coa problemática que expresa parte do alumnado nas queixas e no Plan de Acción Titorial (PAT). Así o fixeron constar os representantes do alumnado nunha reunión coa Área de Calidade da Universidade e representantes do equipo decanal á que foron convocados o día 22 de setembro de 2016. Tamén é verdade que neste curso as taxas foron baixas na maioría das titulacións impartidas na UVigo. Na FFT séguese a traballar neste eido dende a coordinación dos Graos para mellorar as cuestións relativas á coordinación entre o profesorado e as queixas do alumnado. Un dos ítems peor valorados por parte do alumnado é o plan de estudos, principalmente o feito de non teren máis horas de prácticas nos primeiros anos. Destacan os datos positivos do Mestrado en Tradución Multimedia. De feito, este Mestrado acadou uns datos especialmente positivos no informe final de acreditación da ACSUG.

Os datos das enquisas das persoas tituladas soamente son negativos no caso do Grao en Tradución e Interpretación e no Mestrado para a Comunicación Internacional. Os ítems peor valorados volven a reflectir problemas de docencia e dificultades por parte do alumnado para conseguir os coñecementos e destrezas necesarios.

En xeral, os resultados das enquisas dos PAS tamén son positivos. Os ítems peor valorados refírense a Recursos humanos no caso dos graos (2,80) e a Comunicación no caso dos mestrados (2,90). Curiosamente o mellor valorado nos grados é Comunicación e Recursos materiais e servizos nos mestrados.

Outros resultados

Neste apartado é importante coñecer os datos xerais relativos aos resultados das enquisas de avaliación docente realizadas polo alumnado. No caso dos graos, para o curso 2015/2016 os resultados foron case na súa totalidade positivos, tendo en conta que a media da Universidade de Vigo está en 3,80 e que tódolos graos, agás o Grao en Tradución Interpretación Español-Inglés, superan esta puntuación, polo que se entende que o profesorado está, en xeral, ben valorado. É moi preocupante que o resultado do 3,42 faga referencia ao Grao en TI Español-Inglés porque é a titulación que esixe a nota de entrada máis elevada de toda a FFT. Os aspectos peor valorados refírense á docencia (planificación, desenvolvemento da materia, adquisición de competencias e habilidades). É significativo que os datos sexan peores nos últimos cursos porque as súas expectativas deberían ter mellorado a medida que avanzan na carreira. Superar todas estas puntuacións ha de constituír un reto para o conxunto do profesorado da facultade.

Resumo de resultados de avaliación docente por titulación (graos) Curso 2015/2016	
Grao en Estudos de Galego e Español	4,17
Grao en Linguas Estranxeiras	3,93
Grao en Tradución e Interpretación	
-Español-Francés	3,85
-Español-Inglés	3,42
-Galego-Francés	4,19
-Galego-Inglés	4,14
Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	4,00

No curso 2015/2016 o profesorado foi avaliado tamén dentro do programa Docentia de avaliación anual obrigatoria. En tódolos graos hai profesorado avaliado desfavorablemente, aínda que predomina o profesorado avaliado favorablemente.

→*Cfr. os resultados completos da avaliación docente por titulación e os da avaliación anual Docentia no Anexo 3.*

II.1.3 Indicadores por materia

Na maioría dos graos (Grao en Tradución e Interpretación, Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, Grao en Estudos de Galego e Español) a taxa de rendemento vai dende o 50 ata o 100 % (hai bastantes materias con esta derradeira cifra no GTI).

A taxa de rendemento do Grao en Linguas Estranxeiras é bastante máis regular e positiva, xa que está entre o 80 e o 100 %.

Nos Mestrados a taxa é máis variable. No Mestrado en Tradución Multimedia a taxa vai dende o 75 ata o 100 %. Destaca a taxa do TFM: 48%. No Mestrado en Comunicación Internacional a taxa varía entre o 65 e o 98%. No Mestrado en Teatro e Artes Escénicas a taxa oscila entre o 64 e o 93%. Destaca o baixo rendemento do TFM que neste caso é aínda máis baixa: o 33%.

En xeral, en tódalas titulacións destaca o feito de que aquelas materias que teñen algún tipo de queixa ou reclamación adoitan ter bos índices de rendemento. Porén, é bastante estraño o feito de que nalgunhas materias con taxas de rendemento máis baixas (hai casos que están por debaixo do 33 %) o alumnado explica nas enquisas que aprende moito e o profesorado é esixente.

Indicadores e informes de cualificación por materia

→ *(Cfr. os datos completos das cualificacións por materia no Anexo 4).*


GRAO EN CIENCIAS DA LINGUAXE E ESTUDOS LITERARIOS
160
140
120
100
80
60
40
20
0
92
60
116
136
65
13
Non presentado
Suspenso
Aprobado
Notable
Sobresaliente
Matrícula de Honra


GRAO EN ESTUDOS DE GALEGO E ESPAÑOL
160
140
120
100
80
60
40
20
0
92
60
116
136
65
13
Non presentado
Suspenso
Aprobado
Notable
Sobresaliente
Matrícula de Honra


GRAO EN LINGUAS ESTRANXEIRAS
800
700
600
500
400
300
200
100
0
136
138
668
673
190
37
Non presentado
Suspenso
Aprobado
Notable
Sobresaliente
Matrícula de Honra


GRAO EN TRADUCIÓN E INTERPRETACIÓN
2000
1800
1600
1400
1200
1000
800
600
400
200
0
451
403
1659
1784
488
64
Non presentado
Suspenso
Aprobado
Notable
Sobresaliente
Matrícula de Honra



En xeral, os datos son bastante razoables nas titulacións recollidas. Malia os problemas e queixas sobre a metodoloxía docente (recibidas a través do PAT, decanato, enquisas...) a maioría do alumnado aproba, aínda que como suxiren os datos das enquisas, ten a percepción de non acadar as habilidades e destrezas necesarias para acceder á súa futura vida profesional. Aínda que é relativamente habitual que nos mestrados sexa moi baixo o número de suspensos, un dato que leva a reflexión é que o número de suspensos no Mestrado en Tradución para a Comunicación Internacional sexa 0; este dato pode ser analizado pola Comisión Académica deste título en próximos cursos.

II.1.4. Datos relativos a QSP recibidas

Na actualidade, as queixas, suxestións e parabéns están centralizadas nunha caixa virtual que xestiona a Vicedecana de Calidade dende a Secretaría Virtual. A data do 14 de decembro de 2016 todas as QSP están adecuadamente atendidas, respondidas e tomáronse as medidas oportunas para solucionalas.
O acceso á caixa de QSP está dispoñible na páxina web da FFT a través do enlace: https://seix.uvigo.es/uv/web/qsp/

O Plan de Acción Titorial tamén é un medio a disposición do alumnado no que expoñen as queixas, os comentarios e as dúbidas en tódolos cursos. Aínda así, destaca o traballo voluntario neste senso por parte do profesorado, que contrasta coa baixa participación do alumnado (o PAT vixente neste momento está dispoñible na web no enlace: http://fft.webs.uvigo.es/plan-de-accion-titorial/)

→ *Cfr. no Anexo 5 as QSP e queixas recibidas no decanato da FFT*

II.1.5. Estado de situación dos rexistros de calidade do sistema

Estado da documentación de calidade

O Manual de calidade e procedementos: cambios desde a última revisión

Toda a información relativa ó *Manual de calidade* do centro, así como á política e obxectivos de calidade, os procedementos de calidade e o seguimento dos títulos está a disposición da consulta pública a través do botón de calidade que ten habilitado a páxina web da Facultade de Filoloxía e Tradución (http://fft.webs.uvigo.es/calidade-sigic-fft). A información contida nos documentos que alberga esta páxina web, ademais de públicos, contan coa aprobación da Xunta de Centro.

→ *Cfr. A «Listaxe de procedementos en vigor» no Anexo 6.*

Procedemento	Código	Rexistro/Evidencia	Estado Situación			
Planificación e desenvolvemento estratéxico	**R1-DE01P1**	Plan estratéxico do centro	X			

Seguimento e medición	**R1-DE02P1**	Panel de indicadores				
Revisión do sistema pola dirección	**R1 -DE03P1**	Informe de revisión do sistema pola dirección	x			
Deseño, autorización y verificación das titulacións oficiais*	**R1-D00101P1**	Acta da Comisión de Calidade sobre a modificación dunha titulación				x
	R2-D00101P1	Acta da Comisión de Calidade sobre a acreditación dunha titulación				x
Seguimento e mellora das titulacións	**R1-DO0102P1**	Informes anuais de seguimento	x			
	R2-DO0102P2	Informes finais de avaliación das titulacións (ACSUG)	x			
	R3-DO0102P3	Informes de revisión interna (U.Vigo)	X			
Suspensión e extinción dunha titulación*	**R1-DO0103P1**	Resolución de extinción dun título				
	R2-DO0103P1	Orde de suspensión e revogación dunha titulación publicada no DOG				x
Planificación e desenvolvemento da ensinanza	**R1-DO0201P1**	Informe de Coordinación	X			
	R2-DO0201P1	Procedemento para o control e seguimento da docencia (ACTA)		x		
Promoción das titulacións	**R1-DO0202P1**	Plan de promoción do centro.	X			
Orientación ao estudantado	**R1-DO0203P1**	Plan de acción titorial	X			
	R1-DO0203P1	Informe final de avaliación do PAT	X			
Xestión das prácticas académicas externas	**R1- DO0204 P1**	Criterios de asignación das prácticas curriculares	X			
Xestión da mobilidade	**R1-DO0205 P1**	Listaxe de estudantado propio seleccionado	X			
	R1-DO0205 P1	Listaxe de estudantado de mobilidade alleo	X			
Información pública e rendemento de conta	**R1- DO0301P1**	Plan operativo de xestión pública	X			
Xestións das queixas, suxestións e parabéns	**R1-MC02**	Comunicación da QSP	X			
	R2-MC02	Informe e proposta de resposta validados	X			
	R3-MC02	Informe QSP Periódico				
Satisfacción das usuarias e usuarios	**R1-MC05**	Proposta de PAESU				x
	R2-MC05	PAESU				
	R3-MC05	Ficha técnica de deseño da actividade de avaliación				
	R4-MC05	Informe de resultados de avaliación				
	R5-MC05	Informe de seguimento do PAESU				
Definición da Política de PDI e	**IT01-PE02**	Documento de suxestións á política de persoal (PDI)				x

PAS*	**IT02-PE02**	Documento de suxestións á política de persoal (PAS)				x
Captación, selección e formación de PDI e PAS*	**IT01-PA05**	Proposta política e criterios de selección e captación do PDI.		x		
	IT02-PA05	Acta de aprobación da política e criterios de selección e captación do PDI.		x		
	IT05-PA05	Acta de suxestións á proposta de formación do PDI.		x		
	IT06-PA05	Acta de suxestións á proposta de contratación do PAS.		x		
	IT08-PA05	Acta de suxestións á proposta de formación do PAS.		x		
Avaliación, Promoción, Recoñecemento e Incentivos de PDI e PAS*	**IT08-PA06**	Informe de resultados de avaliación do PDI	X			
	IT16-PA06	Informe de resultados de avaliación do PAS				x
Xestión de recursos materiais*	**IT01-PA07**	Criterios de selección de recursos materiais e provedores	X			
	IT02-PA07	Ficha de solicitude do recurso material	X			
Xestión de servizos*	**IT01-PA08**	Plan de actuación dos servizos permanentes do centro	X			
	IT012PA08	Informe de resultados dos servizos contratados	X			

Desenvolvida completamente e rexistrada na aplicación	
Realizada parcialmente (non dispoñible para todas as titulacións do centro, non rexistrada...)	
Non comezada para ningunha titulación	
Non procede	

Pódese deducir destes datos que o centro cumpre cos procedementos en vigor, xa que realízanse todos eles. Os datos relativos ós PAS e os servizos, xunto cos datos de xestión de recursos materias e infraestruturas también son positivos.

II.1.6. Resultados (de certificación, seguimento, acreditación...)

No curso 2015/2016 pasaron o proceso de acreditación dos ACSUG o Grao en Linguas Estranxeiras, o Grao en Tradución e Interpretación e o Mestrado en Tradución Multimedia. A acreditación foi positiva no caso dos dous graos e moi positiva no caso do Mestrado. O Grao en Estudos Galegos e Español extínguese neste curso 2016/2017

e estase impartindo por primeira vez o terceiro curso do Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios. O informe de seguimento do Grao en Ciencias da Linguaxe tivo un resultado positivo. Hai que sinalar que o Mestrado en Teatro e Artes Escénicas non se imparte no curso 2016/2017 por non acadar o número mínimo de matrículas. O Mestrado en Tradución para a Comunicación Internacional está actualmente en proceso de acreditación.

→*Cfr. os informes de acreditación e seguimento no Anexo 7.*

III. ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORAS PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES)

O estado xeral do «Plan de melloras» do centro, que comprende tódalas titulacións impartidas na FFT, é moi positivo, xa que a través de distintos mecanismos detallados no informe pode comprobarse que na súa maioría as melloras suxeridas son atendidas.

O Mestrado en Tradución e Comunicación Internacional está en proceso de acreditación. O resto de titulacións están realizando o seguimento. As accións de mellora incorporaránse cando finalice os procesos (16 de febreiro no caso da acreditación e 28 de febreiro nos caso dos seguimentos das titulacións). Unha vez actualizado, o Plan de melloras farase público na páxina web da FFT.

IV. CONCLUSIÓNS E ACORDOS

Tras analizar toda a información previa relacionada co funcionamento do sistema de garantía / xestión de calidade, conclúese o seguinte:

Mellora e eficacia do SGIC

A valoración global do sistema é positiva, como demostran os datos, aínda que é obvio que algúns aspectos deben mellorar.

Neste curso comprobouse que a participación do alumnado na vida académica, reiteradamente solicitada, e a súa presenza en órganos e comisións do centro é moi positiva porque contribúe a detectar as deficiencias e as fortalezas das titulacións ofertadas. A voz do alumnado resulta esencial para o desenvolvemento óptimo da vida académica e por iso é un éxito moi relevante do equipo decanal ter conseguido no curso 2015/2016 a implicación do estudantado nos principais órganos e comisións da FFT (con data 1 de decembro 2016 hai un total de 39 alumnos/as que participan nos diferentes órganos e comisións). A isto debemos engadir os representantes do alumnado nos Consellos de Departamento dende novembro 2016.

Non obstante, segue solicitándose que o sistema presente melloras no relativo á simplificación de procesos de calidade (en concreto, a redución da documentación manexada e a transformación da linguaxe técnica nunha linguaxe máis comprensible/divulgativa).

Unha mellora notable é a relativa á información pública proporcionada pola FFT, sobre todo no que se refire á accesibilidade da información, á disponibilidade de documentación, e á actualización da apariencia da páxina Web, xa que a navegabilidade facilita a recuperación de documentación e satisface os requerimentos dos distintos grupos de interese con maior rapidez. Con todo, o servizo que presta o equipo informático que se encarga da reforma da páxina web presenta deficiencias que estanse a solucionar con regularidade, a medida que se detectan os diferentes problemas, ben sexan lingüísticos, estruturais ou de contido.

<u>Identificación de dificultades relevantes na xestión de calidade</u>

É moi necesaria unha maior implicación institucional na solución de conflitos acontecidos no centro. Ás veces non é fácil a solución de problemas académicos por parte da Comisión de Calidade (tanto no relativo ás coordinacións como ás persoas do vicedecanato correspondente), xa que o amparo na liberdade de cátedra contribúe, nalgúns casos, a enquistar a falta de cooperación na posta en práctica de propostas de aplicación común. Moitos dos problemas do centro están identificados pero non teñen a resposta necesaria, sobre todo dende o punto de vista do alumnado.

En xeral, é necesaria unha maior coordinación entre o profesorado. A pesares dos esforzos das coordinadoras e dos coordinadores, nalgúns casos a falta de coordinación entre o profesorado ou o feito de que o profesorado non teña en conta as directrices do centro (relativas por exemplo as guías docentes) non permiten unha progresión óptima nas competencias e contidos das diferentes materias, de xeito que aumente así a satisfacción do alumnado e se obteñan mellores resultados académicos.

Outra deficiencia apuntada foi a fragmentación dalgunhas materias con respecto ao aumento da capacidade docente do profesorado, que ten un seguimento continuo por parte das coordinacións dos títulos e do equipo decanal a través de reunións co profesorado.

Melloras na xestión académica

É necesario pór de manifesto a mellora que supuxo a adecuación da normativa relativa ao TFG a través da homoxeneización de regulamento e proceso de avaliación con respecto ao regulamento xeral da Universidade de Vigo. Neste sentido, o novo *Regulamento do Traballo de Fin de Grao da Facultade de Filoloxía e Tradución* foi aprobado pola Comisión de Calidade o 3 de febreiro de 2016 e pola Xunta de Facultade o día 4 de marzo de 2016. Pode consultarse no enlace http://fft.webs.uvigo.es/Documentos/Documentacion%20TFG/Regulamento-TFG.pdf

Como consecuencia da aprobación deste novo regulamento tamén se modificaron os modelos de informe e acta de avaliación do TFG, nos que se contemplou xa a participación do titor ou titora na cualificación.

Por outro lado, neste curso 2015/2016 tamén se continuou co proceso de publicidade dos diferentes títulos ofertados co fin de mellorar o número de matriculacións, especialmente no Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios. Así, leváronse a cabo accións de dinamización a través das redes sociais. Estas acción concrétanse nas diferentes presentacións nos centros de educación secundaria de Galiza e visitas guiadas na propia FFT: no curso 2015/2016 fixéronse 25 visitas/presentacións e participouse en EDUGAL no Pazo de Congresos de Pontevedra (febreiro 2016).

Con carácter xeral, cabe destacar tamén o traballo constante das coordinacións dos títulos ofertados na FFT xunto ao equipo decanal, unha sinerxía coa que se logra solucionar dilixentemente os requerimentos de alumnado e profesorado a través de continuas reunións mantidas con ambos grupos.

Necesidades de recursos

Vólvese a reiterar a necesidade da importancia á estabilización da figura dun PAS como apoio ás actividades de calidade desenvolvidas no centro, xa comentada no informe do curso anterior. A xestión documental, o manexo de programas específicos, a composición de táboas, a lectura de estatísticas e, en definitiva, a organización de evidencias e actualización de contidos nas diferentes plataformas requiren dunha figura administrativa estabilizada laboralmente, que sexa ademais unha constante nos diferentes equipos decanais. Esta figura administrativa estable contribuirá notablemente á mellora da xestión dos diferentes procesos de calidade desenvolvidos no centro, xa que descargará ao vicedecanato de Calidade dos aspectos administrativos, para que a figura do vicedecano ou vicedecana poida centrarse nos aspectos académicos.

V. ANEXOS

- Anexo 1: Listaxe dos asistentes á reunión
- Anexo 2: Documento de políticas e obxectivos de calidade da FFT curso 2016/2017.
- Anexo 3: Datos completos de enquisas de avaliación por titulación e Informe anual de Docentia.
- Anexo 4: Datos completos das cualificacións por titulación.
- Anexo 5: Datos de QSP e queixas recibidas no decanato no curso 2016/2017.
- Anexo 6: Listaxe de Procedementos en vigor
- Anexo 7: Informes de acreditación e seguimento das titulacións.

ANEXOS

ANEXO 1

ANEXO I.

I.1.Listaxe de asistentes á reunión

- Luis Alonso Bacigalupe (decano)
- Susana Rodríguez Barcia (vicedecana de Calidade)
- Mª del Carmen Cabeza Pereiro (enlace de Igualdade).
- Inmaculada Concepción Báez Montero (Coordinadora do Mestrado en Lingüística Aplicada)
- Jorge Figueroa Dorrego (Coordinador do Mestrado en Estudos Ingleses Avanzados)
- Francisco José Ledo Lemos (Coordinador do Grao en Estudos de Galego e Español e do Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos literarios)
- Lourdes Lorenzo, (Coordinadora do Grao en Tradución e Interpretación)
- Ana Luna Alonso (Electa sector PDI)
- José Montero Reguera (Director do Departamento de Literatura Española e Teoría da literatura)
- Ana María Pereira Rodríguez (Coordinadora do Grao en Tradución e Interpretación e do Mestrado en Tradución Audiovisual)
- Antonio Rifón Sánchez (Coordinador do Grao en Estudos de Galego e Español)
- Elena Sánchez Trigo (Directora do Departamento de Tradución e Lingüística)
- Eduardo Varela Bravo (Director do Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemana)
- Nuria Yáñez Bouza (Coordinadora do Grao en Linguas Estranxeiras)

Pérez Pereira, Alberto (Electo sector PAS)

ANEXO 2

Política de Calidade do Centro

A política de calidade da FFT concede especial importancia á satisfacción de alumnado, profesorado e persoal de administración como integrantes fundamentais do centro. Nese sentido, a nova política de calidade diríxese principalmente a acadar o cumprimento das expectativas formativas das súas egresadas e egresados e o seu recoñecemento nos ámbitos académicos, profesionais e sociais. Tamén busca satisfacer as demandas do profesorado no que respecta á xestión eficaz dos procedementos vinculados coa calidade. Para iso existe o compromiso de empregar todos os recursos humanos e materiais dispoñibles dentro do cumprimento da normativa vixente e en coherencia cos criterios e coas directrices establecidos. Así establécense as seguintes liñas xerais que constitúen a política de calidade do centro:

- Manter unha oferta formativa axustada ás demandas, ás necesidades e expectativas da sociedade, para consolidar altos niveles de calidade nas súas titulacións, sen renunciar aos fundamentos académicos da Universidade baseados no desenvolvemento do coñecemento, do espírito crítico, da capacidade de análise e de reflexión.

- Mediar eficazmente entre os grupos de interese do centro, especialmente entre alumnado e profesorado, co fin de mellorar a docencia e de acadar a satisfacción por parte de ambos grupos.

-Alcanzar a consecución das metas de calidade establecidas anualmente polo centro e asociadas a indicadores académicos.

- Facilitar a xestión dos procedementos de calidade e a formación continua en materia de calidade do persoal docente e investigador, persoal de administración e servicios e do alumnado.

- Asegurar a implantación, desenvolvemento e seguimento tanto do sistema de garantía interna de calidade (SGIC) como de todos os procesos vinculados coa calidade que afectan ao centro e as súas titulacións.

- Asegurar unha docencia, investigación, xestión e transferencia de coñecemento con perspectiva de xénero para eliminar os obstáculos que impiden unha igualdade real entre as mulleres e os homes.

Aprobado 28/10/2016

- Asegurar unha docencia, investigación, xestión e transferencia de coñecemento que teña en conta a diversidade funcional para eliminar os obstáculos que impiden unha igualdade real ás persoas con necesidades especiais.

- Acadar un compromiso permanente de mellora continua como norma de conduta, e propoñer e levar a cabo as accións necesarias para o mantemento e mellora da calidade.

Aprobado 28/10/2016

Obxectivos de Calidade do Centro

Procesos/ Procedementos	*Obxectivos*	*Indicadores (incluídos no panel de indicadores do SGIC)*	*Meta*
AC- Xestión académica *PC04 Selección-admisión e matriculación de estudantes*	Adaptar a oferta formativa á demanda sen renunciar aos fundamentos académicos da Universidade. Adaptar o perfil de ingreso do alumnado ao perfil requirido. Captar un volume de estudantado axustado á oferta de prazas. Difundir a oferta formativa.	Evolución do estudantado matriculado en cada curso académico Ocupación da titulación Preferencia Adecuación Nota media de acceso do estudantado ás titulacións	Graos: Manter ou incrementar o número de estudantes matriculados. Mestrados: Recuperar o número de estudantes matriculados. 90>100% 90>100% 70>80% 7>8,5[1]
DO- Docencia *DO-202 Promoción das titulacións(*	Mellorar os resultados académicos das titulacións	Duración media dos estudos Tasa de rendemento Tasa de abandono Tasa de eficiencia Tasa de graduación Tasa de éxito	Grao: 4-5 anos >5. Mestrado: 1 -1,5 ano. >80% Grao:<15% Mestrado: <5% 80>90% 80 > 100% 80>90%
DO-Docencia *D01- Xestión dos programas formativos*	Xestionar de forma efectiva os programas formativos	Seguimento das titulacións Acreditación das titulacións	100% 100%

[1] Segundo o sistema actual.

PE-Xestión de persoal	Mellorar a cualificación do PDI e do PAS	Cualificación do PDI Resultados de investigación de carácter académico % de PAS en programas de formación	Grao:70-80% Mest: >15 >70% >80%
MC- Xestión da Calidade e Mellora Continua *MC05 Satisfacción das usuarias e usuarios*	Mellorar a satisfacción dos grupos de interese	Grao de satisfacción das persoas tituladas Grao de satisfacción das entidades empregadoras Grao de satisfacción do profesorado Grao de satisfacción do alumnado	>3,5 sobre 5 >3 sobre 5 3,5 sobre 5 3 sobre 5
DE- Dirección Estratéxica	Certificación da implantación do sistema de calidade do centro	Certificación da implantación de sistemas de calidade	Manter a certificación

*Nota: No seguinte cadro recóllese unha lista de obxectivos de calidade institucionais. Cada centro deberá aliñalos coa política de calidade e coas liñas estratéxicas, establecendo as metas oportunas en cada caso.

O centro poderá así mesmo determinar outros obxectivos adicionais a condición de que asegure que cumpran cos criterios de concreción, medición e realismo, xestionándose segundo o establecido no procedemento DE-01 P1 Planificación e desenvolvemento estratéxico

ANEXO 3

UNIVERSIDADE DE VIGO

Informe:	Resultado da avaliación docente da titulación
Curso:	2015/2016
Centro:	Facultade de Filoloxía e Tradución
Titulación:	V01G160V01 Grao en Estudos de Galego e Español

INFORME DE RESULTADOS DAS ENQUISAS DE AVALIACIÓN DOCENTE DO PROFESORADO
Universidade de Vigo
Curso: 2015/2016

Universidade Vigo

CENTRO: Facultade de Filoloxía e Tradución
TITULACIÓN: V01G160V01 - Grao en Estudos de Galego e Español

CUESTIONARIOS POSIBLES			CUESTIONARIOS PROCESADOS				PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN		
Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Non contesta	Total	Homes	Mulleres	Total
181	457	638	58	191	5	254	32.04%	41.79%	39.81%

Informe de materia (Escala de 1 a 5)

	TITULACIÓN							CENTRO			RAMA			UNIVERSIDADE		
	Cursos				Global			Titulación		Global	Titulación		Global	Titulación		Global
	1º	2º	3º	4º	Homes	Mulleres		Grao	Mestrado		Grao	Mestrado		Grao	Mestrado	
1. Considero que:																
1.1. - Esta materia é importante para a miña formación.			4.41	4.13	**4.48**	**4.45**	**4.39**	4.31	4.42	**4.32**	4.27	4.29	**4.27**	4.04	4.15	**4.06**
1.2. - Os créditos asignados á materia gardan proporción co volume de traballo programado para superala.			4.05	3.87	**4.01**	**4.03**	**4.01**	3.99	3.88	**3.98**	3.92	3.82	**3.91**	3.79	3.80	**3.79**
1.3. - A guía docente (ou programa) da materia está dispoñible e é accesible con facilidade.			4.53	4.59	**4.64**	**4.53**	**4.57**	4.44	4.58	**4.46**	4.28	4.33	**4.29**	4.14	4.25	**4.16**
1.4. - A guía docente (ou programa) da materia recolle os obxectivos, contidos, a metodoloxía, a bibliografía, o sistema de avaliación,... de forma comprensible e detallada.			4.44	4.45	**4.55**	**4.46**	**4.47**	4.29	4.35	**4.30**	4.15	4.13	**4.14**	3.99	4.10	**4.01**
1.5. - A coordinación entre o profesorado da materia é axeitada. (Contestar só no caso de materias impartidas por máis de un/ha profesor/a)			4.17	3.72	**4.45**	**3.98**	**4.17**	3.93	4.39	**3.96**	3.84	4.06	**3.86**	3.81	3.99	**3.84**
Global Item			4.34	4.25	**4.42**	**4.34**	**4.35**	4.22	4.31	**4.23**	4.12	4.15	**4.12**	3.96	4.06	**3.98**
2. Penso que as condicións (espazo, equipamento, material, nº de alumnos/as..) nas que se desenvolve a docencia desta materia son satisfactorias no relativo a:																
2.1. - Clases teóricas.			4.27	4.14	**4.49**	**4.20**	**4.25**	3.95	4.26	**3.99**	3.90	4.18	**3.94**	3.82	4.02	**3.86**
2.2. - Prácticas (laboratorio, obradoiros, de campo, ...)			4.16	4.03	**4.34**	**4.13**	**4.15**	3.93	3.96	**3.93**	3.86	3.87	**3.86**	3.74	3.81	**3.75**
Global Item			4.19	4.11	**4.37**	**4.15**	**4.18**	3.94	4.20	**3.98**	3.89	4.09	**3.92**	3.79	3.93	**3.81**

INFORME DE RESULTADOS DAS ENQUISAS DE AVALIACIÓN DOCENTE DO PROFESORADO
Universidade de Vigo
Curso: 2015/2016

Universidade Vigo

CENTRO: Facultade de Filoloxía e Tradución
TITULACIÓN: V01G160V01 - Grao en Estudos de Galego e Español
Informe de profesorado (Escala de 1 a 5)

		TITULACIÓN							CENTRO			RAMA			UNIVERSIDADE		
		Cursos				Global			Titulación		Global	Titulación		Global	Titulación		Global
